

**DACIÓN DE CONTA AO CONCELLO PLENO DOS**  
**INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES**  
**EXECUTADOS EN 2014**

**Sesión ordinaria de Pleno de 9/02/2015**



## **INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DOS GASTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES APROBADOS E EXECUTADO DURANTE 2014**

Dona Elena Santos Rey, Interventora do Concello de Xove, de conformidade co establecido na Disposición Adicional 16ª do RDL 2/2004, de 5 de marzo, introducida pola Disposición Final Primeira do Real Decreto-Lei 2/2014, de 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica, emite o seguinte informe,

**PRIMEIRO.** A Disposición Adicional 16ª ao RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dispón, no seu apartado octavo que *"El interventor de la Corporación Local informará al Ministerio de Hacienda y Administraciones públicas de las inversiones ejecutadas en aplicación de lo previsto en esta disposición"*

**SEGUNDO.-** Asimesmo, a dita DA 16ª dispón que *"Anualmente, junto con la liquidación del Presupuesto, se dará cuenta al Pleno de la Corporación Local del grado de cumplimiento de los criterios previstos en los apartado anteriores y se hará público en su portal web"*.

**TERCEIRO.-** Os investimentos aprobados e executados que teñen o carácter de financeiramente sostibles segundo a dita Disposición Adicional, foron os seguintes:

1.- P 7/14 161.619 Rehabilitación de fontes públicas  
Suplemento de crédito aprobado polo Concello Pleno na súa sesión de 28 de abril de 2014, por importe de 25.000,00 euros.  
O gasto executado a 31/12/2014 ascendeu a 25.000,00 euros.

2.- P 12/14 453.619 Plan de aglomerados 2014  
Suplemento de crédito aprobado polo Concello Pleno na súa sesión de 18 de agosto de 2014, por importe de 60.500,00 euros.  
O gasto executado a 31/12/2014 ascendeu a 60.489,69 euros

3.- P16/14 161.623 Instalación solar fotovoltaica na EDAR de Palmeiro  
Crédito extraordinario aprobado polo Concello Pleno na súa sesión de 28 de abril de 2014, por importe de 12.339,41 euros.  
O gasto executado a 31/12/2014 ascendeu a 11.768,31 euros.

O total gasto executado durante 2014 en investimentos financeiramente sostibles ascendeu a 97.258,00 euros.

**CUARTO.-** Polo que se refire ao grao de cumprimento dos criterios previstos na D.A. 16ª cabe sinalar o seguinte:

- 1.- Os investimentos realizáronse íntegramente durante 2014 e en gastos do capítulo 6 e nos grupos de programa previstos na normativa.
- 2.- A vida útil dos mesmos supera os cinco anos.

3.- Os investimentos realizados permitiron que a liquidación do exercicio 2014 acadara o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, tal e como se desprende do informe desta Interventora emitido no expediente da Liquidación de 2014.

En Xove, a 2 de febreiro de 2.015  
A Interventora,

Asdo. Elena Santos Rey





D. Luis M. Fernández del Olmo, Secretario do Concello de Xove (Lugo).

**CERTIFICO:** Que polo Pleno Municipal, en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 2015 adoptouse entre outros o acordo que se transcribe literalmente:

**7.-)INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DOS GASTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES, APROBADOS E EXECUTADOS NO EXERCICIO DE 2014. DAR CONTA.**

Pola Interventora Municipal explícanse á Corporación os aspectos máis salientables do Informe do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado

*E para que así conste, expido e asino a presente en Xove, a doce de febreiro de dous mil quince.*

Vº e Pr.

**O ALCALDE,**



Asdo.- José Demetrio Salgueiro Rapa

